

# Memoria final Curso de formación **A diversidade no IES Ribeira do Louro**

Neste ano traballamos, tanto na formación coma nas accións desenvolvidas, para asentar e perfeccionar o funcionamento do noso Comando de Igualdade que creamos o ano pasado. Para logralo foi fundamental a guía e asesoramento que recibimos nas xornadas de docencia.



Imaxe de sesión formativa

Os pasos que seguimos:

1. A instauración dun espazo propio: a nosa aula do Comando. Estamos progresivamente facéndoa nosa e, ó tela, establecemos datas de encontro regulares: tódolos recreos dos venres e na hora do xantar do terceiro martes de cada mes.



**AULA**  
**COMANDO IGUALDADE**

**Horario:**

**Os venres no recreo de 11:15 a 11:45**

**Terceiro martes de mes de 14:50 a 15:50**

2. Fixemos un reparto de funcións entre os membros do comando, focando a independencia e autoxestión do estudantado.

3. Desenvolver accións en momentos que xa sexan referencias para a comunidade educativa, pero tentando impactar cunha forma de enfocalas diferente.

Dentro deste último apartado, fixemos actuacións nas seguintes datas:

A. 25 N: cunha pancarta que denuncia a prostitución e os prostíbulos no noso concello; esta acción tivo un impacto na comunidade educativa.

Ademais, o noso grupo manifestouse coa Marcha Mundial das Mulleres da Louriña nese mesmo día 25N, pero no serán.



Ademais, tamén elaboramos un programa específico para a nosa Radio Escolar.

B. 8M: as pancartas teñen a fortaleza de darlle tempo á comunidade educativa para reflexionar, polo que volvemos insistir nesa acción. Ademais, lemos un manifesto que noutros centros tamén fora moi debatido.

Tamén houbo un programa de radio no que presentamos as accións, reflexións e a lectura do manifesto.



Ademais, tamén fixemos un concurso para elaborar o noso logo.





C. 31 de marzo: a transfobia é un problema no noso centro e tentamos impactar, neste caso, coa proxección de vídeos de experiencias individuais e coa charla dun formante do noso comando na que explicaba dunha forma teórica e tamén práctica, dende a súa experiencia persoal, o que significa a transexualidade en todos os ámbitos vitais.





Estamos a construírnos e neste 3 de marzo asistimos, por primeira vez, ó encontro de comandos organizado polo centro dos nosos relatores docentes do grupo de formación. Por conseguinte, non podemos máis que facer unha valoración moi positiva de todo este proceso.

